





RUTA DA AUGA.

O Umia en Caldas de Reis

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 5,5 km (circular)
Dificultade: media baixa
Duración: 2 a 3 horas




Unha ruta que sae da carballeira de Caldas de Reis e segue o curso do río Umia ata a ponte romana. No camiño atópanse numerosos muíños convertidos en vivendas, unha pontella, a antiga fábrica da luz e a fervenza de Segade de Arriba, ademais de numerosos lugares onde o xogo da auga e a pedra forma fermosos recunchos. Pódese completar a ruta cun paseo pola vila de Caldas de Reis para coñecer as fontes termais que lle dan nome e visitar o parque e a carballeira.

COMO CHEGAR:

Déixase o coche no aparcamento da Carballeira e séguese o paseo indicado río arriba. Para facer o percorrido completo é recomendable cruzar na pontella de Segade porque durante o traxecto hai dous tramos de estrada que se fan mellor indo neste sentido.

Pódese facer un percorrido lineal, máis curto e doado, ata a fervenza, sen chegar á ponte romana, evitando a parte máis dura da ruta.



Fervenza de Segade de Arriba




Pontella de Segade de Abaixo.




Ponte romana.



O Umia en Caldas.



Restos da "Fábrica de Luz" a primeira central hidroeléctrica de Galicia. Funcionou entre 1874 e 1952.



Fonte das Burgas, en Caldas de Reis.



Araucaria do Brasil (*Araucaria angustifolia*).

No parque de Caldas de Reis atópanse algunhas especies curiosas e monumentais: eucaliptos, cuningamias, araucarias do Brasil, tilleiras, tulipeiros, magnolias, camelias...



Carballeira de Caldas de Reis, con máis de 200 carballos de diferentes idades e tamaños. Os máis destacados teñen 29 m de altura e máis de 4 m de perímetro troncal. Foi lugar tradicional de celebración das feiras e actualmente de festas.